



Eva Díaz. #15 Renacer. 2015

Pronuncio tanto casas en poemas e por aí, polos papeis adiante, porque desconfío da solidez dos materiais duros e teño ansias dunha firmeza que non sei se hai.

Cargada de certezas, temo o motín calado das cubertas.

En cada nova mudanza póño-me quieta no punto medio e penso: o aire entra agora por unha fenda do grosor dun cabelo, dunha barba de esparto fino. Nalgún sitio desta casa dáse o espazo xusto para que, insidiosamente, se meta o arume este que doura as caobas dos roupeiros, vela os seus espellos demandantes e fai unha nova tona, como colcha de chorimas, no leite. Canto tardará en entrar a ventos?

Se tivese algunha clase de fe podería crer, antes ca en calquera outra cousa, nos impermeabilizantes dos tellados, nos morteiros das columnas, na xusteza exacta dos marcos nos vanos, nos muros de orientación sur. Rendería aplicadísimo culto á precisión nas súas tres persoas: plano, alzado e perfil. Sería eu casa cos seus dous baleiros. Tería portóns sen picaporte nin chave. Sería unha ruína con tesouros pobres. Unha arañeira refractaria. Unha tobeira estanca con catro esquinas de mallazo gardadas polo meu anxo encofrador.

Lorena Conde